

PLAN ANUAL DE LECTURA

Curso 2019/2020

Biblioteca Aloia- IES Indalecio Pérez Tizón

ÍNDICE

I. OBXECTIVOS.....	3
II. LIÑAS PRIORITARIAS	3
III. RUTINAS DE LECTURA.....	4
IV. RECURSOS HUMANOS	4
V. ITINERARIOS LECTORES.....	4
VI. ACTIVIDADES PROGRAMADAS.....	5
■ Programa de formación de usuarios	5
■ Actividades.....	5
VII. LER EN FAMILIA.....	7
VIII. AVALIACIÓN.....	7

I. OBXECTIVOS

O obxectivo principal é converter a biblioteca nun servizo imprescindible para toda a comunidade educativa. O equipo da biblioteca está inmerso dende o curso 2017/2018 nun proceso de renovación dos espazos. Sinalamos os seguintes como obxectivos xerais:

- Aumentar o número de préstamos
- Conseguir a colaboración de todos os departamentos
- Aumentar a utilización da biblioteca como aula de traballo e investigación.
- Ampliar o horario de apertura para fomentar a participación das familias.
- Coordinación con diferentes organismos: ANPA, biblioteca municipal de Tui, biblioteca municipal de Valença.

II. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

- Coordinar as actividades realizadas polos diferentes departamentos arredor dun tema común: a censura.
- Mellorar na comunicación das actividades realizadas pola biblioteca (Blog, redes sociais, aula virtual)
- Dar a coñecer os fondos da biblioteca mediante diferentes actividades (escaparates temáticos, celebracións, publicación en redes sociais)
- Continuar co proceso de revisión dos fondos da Biblioteca (expurgo, problemas de catalogación)
- Coordinar cos departamentos a adquisición de fondos, especialmente de películas e libros de non ficción accesibles e atractivos para o alumnado.
- Crear un escaparate no vestíbulo do IES.
- Rematar a reestruturación do espazo da biblioteca iniciada nos cursos anteriores (novos estantes para cómics, ubicación dos ordenadores)

- Mellorar a imaxe da Biblioteca, de xeito que esta sexa un espazo máis atractivo para o alumnado (pintura, cambio de chan, novo espazo de lectura informal)
- Fomentar a participación e autonomía do alumnado; solicitude da iniciativa *Voluntariado na biblioteca escolar* pertencente ao *Programa Bibliotecas Escolares Solidarias*.
- Incrementar as actividades de formación usuarios.
- Elaboración dunha sinalética acorde coa imaxe da biblioteca.
- Adquisición de revistas com temática atractiva para o alumnado.
- Creación de puntos informais de lectura nos pavillóns B e C.
- Coordinar fondos cos departamentos.
- Creación do carné de lector/a para o alumnado de 1º ESO.
- Solicitude da pfp *A biblioteca inclusiva*.

III. RUTINAS DE LECTURA

- *Hora de ler*. Actividade programada para o alumnado de 1º e 2º ESO, consistente nunha hora de lectura libre realizada simultaneamente por todo o alumnado. Realizarase un calendario indicando o grupo que desenvolverá esta actividade na biblioteca.
- Organización de *Bibliotecas de aula* para o alumnado de 1º ESO.
- *Mochilas viaxeiras*. Organizar seleccións de libros de diferentes temáticas (ciencias, música e arte, terror e ciencia-ficción, cómic, clásicos, poesía) que o alumnado poderá levar voluntariamente durante un período de un mes. As mochilas incluírán libros destinados tanto ao público adolescente como adulto.

IV. RECURSOS HUMANOS

O equipo de biblioteca está formado por Miriam Burgos González, Andrea De la Torre Rocafort, Óscar Pedrido López, Sonia Pereiro Cuenya (coordinadora), Rosa Ramilo Costas e Dolores Rouco Otero.

Contaremos cun equipo de voluntarios/as de biblioteca para colaborar nos recreos e na organización das diferentes actividades.

O curso anterior, un grupo de pais e nais colaborou coa de xeito voluntario para atender a biblioteca en horario de nocturno. Agardamos continuar con esta colaboración. Salientar ademais a colaboración da ANPA nas diferentes actividades, como transmisores de información relativa a biblioteca, e financiando a adquisición de fondos.

V. ITINERARIO LECTORES

Os departamentos elaborarán guías de lectura relacionadas coas materias impartidas nas que se terá en conta o nivel lector e as temáticas. Os departamentos de lingua e literatura galega, e lingua e literatura castelá revisarán e ampliarán as listaxes de lectura ao comezo do curso. Dende a biblioteca realizaranse guías de lectura relacionadas coas distintas celebracións ou temáticas traballadas. Non queremos esquecer a colaboración do alumnado coas súas suxestións e recomendacións.

VI. ACTIVIDADES PROGRAMADAS

- **Programa de formación de usuarios.** Todo o alumnado do centro participará neste programa, que constarán de dúas sesións para 1º ESO e unha sesión para o resto dos grupos. As actividades están estruturadas do seguinte xeito:
 - **Unha parte teórica** na que se informa da organización e normas da biblioteca, OPAC Meiga, CDU, etiquetas.

- **Unha sesión práctica** realizada na biblioteca na que se incluírán actividades lúdicas relacionadas coa busca de libros, xogos coas etiquetas...

A información e actividades de formación de usuario subiránse á aula virtual co obxectivo de que sexan accesibles a toda a comunidade educativa.

Este curso realizouse un tríptico informativo para o alumnado de 1º da ESO coas normas básicas da biblioteca, servizo de préstamos, CDU. Estes trípticos están ademais dispoñibles tanto na biblioteca como en conserxaría.

■ **Actividades**

- Elaboración de escaparates e exposicións coas novidades ou fondos relacionados cos temas traballados.
- Coordinar as actividades dos diferentes departamentos sobre o tema proposto: A censura.
- Procurar a visita de escritores en colaboración cos departamentos de lingua e literatura castelá e galega.
- Celebración do Samaín.
- Celebración do Día do Libro (23 abril).
- Semana da poesía.
- Celebración do Día de Rosalía (24 de febreiro)
- Celebración do Día das Letras Galegas: participación en *Tui Le* en colaboración cos diferentes centros educativos do concello e a biblioteca municipal.
- Reto lector.
- Concursos de creación literaria (Concurso de relato de terror Edgar Allan Poe; caligramas e poemas) e artística (deseño de parcapáxinas, postais)
- Coordinación da visita do *Bibliobús* (colaboración coa biblioteca municipal de Valença)

- Colaboración activa co Club de Lectura Xerfas e o Club de Manga.

VII. LER EN FAMILIA

Un dos obxectivos do equipo de biblioteca é dar a coñecer as actividades e o noso traballo en toda a comunidade educativa, incluíndo dun xeito especial ás familias. Con este fin, ademais do xa mencionado sobre a nosa presenza nas redes sociais, o blog e as *mochilas viaxeiras*, a biblioteca estará en contacto coas familias dos seguintes xeitos:

- Presenza da coordinadora do equipo de biblioteca nas presentacións do alumnado e nas reunións que se realizan cos titores ao comezo de curso. Invitaremos aos pais/nais a visitar a biblioteca e facerse socio da mesma.
- Carta destinada ás familias na que se informa sobre o funcionamento da biblioteca e as actividades programadas.
- No vestíbulo do centro hai continuamente un armario con materiais específicos de préstamo para pais/nais.

VIII. AVALIACIÓN

Un dos indicadores que empregaremos para avaliar o funcionamento da biblioteca é o número de préstamos e fondos que proporciona o programa Meiga. Outro indicador fundamental é a participación do alumnado das diferentes actividades propostas, especialmente nas voluntarias (concursos, axudantes de biblioteca)

Ao final de curso realizarase unha enquisa destinada a toda a comunidade educativa na que se incluírán aspectos como a visualización e comunicación das actividades de biblioteca, a adecuación dos fondos e a posibilidade de incluír propostas de mellora.